

RESOLUCIÓN reitoral do 8 de maio de 2025 pola que se publica a oferta dos cursos de extensión universitaria da Universidade de Vigo para o ano 2025 no Campus de Ourense

En virtude do disposto nas bases da resolución reitoral do 27 de febreiro de 2025, pola que se publica a convocatoria de axudas para organizar os cursos de extensión universitaria da Universidade de Vigo para o ano 2025, e das facultades outorgadas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, esta reitoría

RESOLVE:

1. Establecer as condicións da matrícula de desenvolvemento dos cursos de extensión da Universidade de Vigo para o ano 2025 no campus de Ourense (Anexo I).
2. Ordenar a publicación da oferta de cursos de extensión no Campus de Ourense, derivada do acordo da comisión permanente delegada do Consello de Campus de Ourense do 22 de abril de 2025 (Anexo II).

A publicación da presente resolución realízase no taboleiro de anuncios electrónico da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpor contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (DOG do 10 de xuño)

O Vicerreitor do Campus de Ourense

Francisco Javier Rodríguez Rajo

OFERTA DOS CURSOS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO ANO 2025 NO CAMPUS DE OURENSE

ANEXO I

Condicións de matrícula nos cursos de extensión no ano 2025 no campus de Ourense.

- a) Inicio período inscrición: 12 de maio de 2025
 - b) Fin inscrición: especificase para cada curso na táboa do Anexo II
 - c) Criterios selección: por orde de inscrición ata completar o número prazas ofertadas.
 - d) A inscrición nos cursos realizarase na plataforma “Campus Activo”: <https://campusactivo.uvigo.gal/>
O proceso de inscrición implica o pagamento da matrícula, mentres este non se realice a persoa interesada non estará inscrita.
 - e) Número de prazas por curso: especificase na táboa do Anexo II.
 - f) Causa de cancelación dun curso: non acadar o número mínimo de inscricións especificado na táboa do Anexo II (70% do número prazas ofertadas)
 - g) O importe da matrícula para cada curso será:
 - Público xeral: o especificado como prezo de matrícula para cada curso no anexo II.
 - Colectivos A e B da comunidade universitaria: redución do 35% sobre o prezo de matrícula
 - Colectivo C da comunidade universitaria: redución do 20% sobre o prezo de matrícula
- (A pertenza aos colectivos da Universidade de Vigo pode consultarse no seguinte [enlace: https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/551](https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/551))
- h) Renuncias: as persoas matriculadas poden renunciar á actividade formativa sempre que a realicen con anterioridade aos 3 días hábiles á data de finalización de inscricións.
Para iso a través da plataforma de inscrición “Campus activo”, haberá que “solicitar devolución taxas” cumprimentando o campo de número de conta bancaria na que se fará efectiva a devolución e indicando en “motivación” a causa da renuncia.
 - i) Causas de devolución do prezo da matrícula dos cursos:
 - 1. Cancelación do curso ou modificación das datas de celebración, horario ou lugar.
 - 2. Ter formalización da matrícula unha vez completado o número de prazas do curso.
 - 3. Comezo dunha relación laboral (acreditada co informe vida laboral).

4. Maternidade/Paternidade (acreditada con certificado médico/certificado filiación).
 5. Enfermidade que impida a asistencia ao curso (acreditada con certificado médico).
 6. Aboamento dunha cantidade superior ao prezo do curso como consecuencia de erros materiais ou de cálculo non imputables á persoa interesada. Neste caso devolverase a diferenza aboada en exceso.
 7. Renuncias presentadas no prazo establecido no parágrafo h) anterior, non necesitarán acreditar xustificación, agás nos casos indicados nos puntos 3 a 5 anteriores.
- j) Período e proceso de solicitude de devolución do prezo da matrícula: as solicitudes de devolución consecuencia dos puntos 1 a 6 do epígrafe anterior poderán presentarse dende o día seguinte a que se produza a causa que xustifica a devolución ata 15 días hábiles despois de finalizado o curso en que fixera a inscrición.
- Para iso, través da mesma plataforma de inscrición “Campus activo” haberá que “solicitar devolución de taxas” cumprimentando o campo de número de conta bancaria na que se fará efectiva a devolución e achegando a documentación xustificativa.
- A devolución consecuencia de renuncias do parágrafo h) terá os prazos e procedemento indicado nel.
- k) A Universidade de Vigo expedirá un diploma oficial acreditativo da asistencia de cada participante que seguise polo menos un 85% das horas totais do curso.
- l) O estudantado da Universidade de Vigo poderá validar a realización dos cursos por créditos ECTS dentro da categoría de actividades universitarias culturais. O recoñecemento farase a razón de 1 crédito ECTS por cada 30 horas.

ANEXO II

Información dos cursos de extensión no ano 2025 no campus de Ourense

Nome e apelidos	Título do curso	Duración total do curso	Prezo de matrícula completa	Prazas ofertadas	Nº mínimo inscricións	Lugar de celebración	Datas de celebración	Data fin de inscrición
María Fernández González María del Carmen Seijo Coello	Retos actuais e futuros na conservación da biodiversidade	30 horas	10 €	25	17	Albergue de "A Rola" Muíños-Ourense	Do 11 ao 13 de xuño	4 de xuño
Miguel Anxo Fernández Fernández Paulino Pérez Feijóo	Audiovisual galego. Traspasando fronteiras	30 horas	30 €	30	21	Auditorio municipal Ilduara de Celanova-Ourense	Do 23 ao 27 de xuño	16 de xuño
Xosé Ramón Campos Álvarez	Ourense no tempo: Historia, Arte e Tradicións (III)	35 horas	10 €	20	14	Edificio Facultades	Do 25 ao 28 de xuño	18 de xuño
Mónica Legaspi Díaz	Motivando-T: Liderado e motivación	30 horas	10 €	40	28	Facultade de ADE e Turismo Edificio Xurídico-empresarial	Do 7 ao 11 de xullo	30 de xuño

Nome e apelidos	Título do curso	Duración total do curso	Prezo de matrícula completa	Prazas ofertadas	Nº mínimo inscricións	Lugar de celebración	Datas de celebración	Data fin de inscrición
Breogán Riobóo Lois	Iniciación á lingua de signos española, á comunidade e cultura xorda. Ferramentas socioeducativas inclusivas	36 horas	35 €	20	14	Sala Emilia Pardo Bazán Edificio Facultades	Do 14 ao 24 de xullo	7 de xullo
José Luis Legido Soto Elisa Alén González	Termalismo: descubrindo Extremadura, Portugal e Galicia	47 horas	50 €	24	16	Centros termais de Extremadura, Portugal e Galicia	Do 31 de agosto ao 6 de setembro	21 de agosto
Jesús Deibe Fernández Simo	Recursos socioeducativos e metodoloxías activas para transformar a educación	30 horas	15 €	20	14	Edificio Facultades e unha sesión en Lobios	Do 12 de setembro ao 10 de outubro	5 de setembro
María Lameiras Fernández	A construción sociocultural do amor romántico	30 horas	30 €	20	14	Edificio Facultades	Do 15 de setembro ao 15 de outubro	8 de setembro